

# CATALÁN, CATALÁ. BREVE PERCURSO POLO VOCABULARIO E OS TEXTOS EN LINGUA GALEGA

Rosario ÁLVAREZ  
Instituto da Lingua Galega  
Universidade de Santiago de Compostela

Á túa porta, vida miña,  
Teño de prantar un tres,  
Unha rosa catalán  
I un caravel aragonés.

Ao falarmos dos trazos que definen a identidade dun pobo atopamos sempre certa discordancia entre os que os individuos desa comunidade cren posuír e os que as outras comunidades lles atribúen. Somos como somos (ou cremos que somos), pero tamén somos dalgún xeito como os demais nos ven. Por iso hai xa algúns anos —con ocasión dunha humilde e sincera homenaxe aos meus colegas da UB, que con tanta excelencia e dedicación sustentaron e sustentan os estudos de lingüística e literatura galegas en Barcelona—, comecei a preguntarme polo deseño que os cataláns fan dos galegos e o que os galegos fan dos cataláns. Hai uns meses, en conversa co querido e admirado profesor Joan Veny, mestre de todos os que nos chamamos dialectólogos, prometín dar forma ás miñas notas sobre a imaxe dos cataláns que reside no espazo simbólico dos galegos, tomada dos significados asociados ao termo *catalán/catalá* (*catalana*) no uso lingüístico común. Isto é, nas liñas que seguen non se falará da imaxe circunstancial construída a través dos medios ou de produtos culturais recentes, senón do pouso de séculos perceptible a través do léxico, nuns casos referido a entidades que seguen facendo parte do noso día a día e noutras a obxectos da cultura tradicional que están máis ou menos en desuso; pescudárase tamén no uso dos termos na escrita galega ata as primeiras décadas do século xx.<sup>1</sup> Uns e outros contribuíron a asociar determinados trazos ao termo *catalán* e é ese conxunto de características o que nos move e ocupa nesta breve nota.

1. Basearémonos de forma fundamental en recursos que están accesibles en aberto a través de Internet: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*, *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega (DdD)*, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLDGP)*. Remitimos a eles para os exemplos e contextos, evitando así recargar este breve texto con referencias eruditas.

A procura de *catalán* na base de datos *TILG* permite observar que a maior parte dos casos en que aparece o termo é como xentilicio, referido aos naturais de Cataluña. Nas valoracións engadidas obsérvanse dous tempos diferentes, con distinto tipo e grao de apreciación.

Nos primeiros textos do século XIX perdura o contencioso entre galegos e cataláns que aparece reiteradamente nos escritos do século XVIII. Os cataláns son asociados co espolio de Galicia e dos galegos, sexa a través das súas fábricas de salga e conserva sexa dos sobrepresos a produtos básicos, coma o que grava o prezo do sal polo miúdo. Por iso os veciños de Pontedeiva, presuntamente en «Representación» diante do Rei, protestan porque «agora os Gardas é os Catalás toda á ganancia nos levan porque si non lles pagan, veñen collernos os xatos, e perdenos, e vamos a peor: e seranos forza deyxar á terra» (1805).

A inmigración dos cataláns comezara no segundo terzo do século XVIII.<sup>2</sup> Concentráronse en dous sectores fundamentais: na industria de panos, que tiña xa unha tradición entre nós, no marco atlántico, e sobre todo na da pesca e conservación do peixe, en forma de salga ou de conserva. Hai unha compoñente catalá no léxico de todos estes sectores, que enriquece o inventario léxico galego con voces que hoxe consideramos patrimoniais: nomes de artes de pesca e das súas partes, nomes de operacións nos labores de salgado, afumado e conserva, mesmo nomes de peixes... Son préstamos directos do catalán a partir de enclaves de inmigrantes cataláns en Galicia, non a través do castelán como lingua interposta. Todos os galegos sabemos aquilo de *Se vou a Bueu nun bou eu vou, se non vou nun bou non vou*, pero poucos sospeitan que a palabra *bou*, a pesar da fasquía galega que lle dá o ditongo, é un catalanismo.

Desde mediados do século XVIII, os cataláns asócianse coa explotación dos mariñeiros galegos, que de seren partícipes dos medios de produción pasan a xornaleiros, e mais coa sobreexplotación dos recursos naturais de Galicia, sobre todo a causa das novas artes de pesca, que arrasaron os nosos caladoiros. Contra as prácticas dos cataláns e as súas xávegas érguense os galegos de todos os sectores: os que viven directa ou indirectamente da pesca, pertencen aos estamentos privilexiados ou sexan mariñeiros para os que está en xogo a pura subsistencia; e, con voz alta e clara, concordante en todos eles, os ilustrados. Destaca entre estes a posición de Joseph Cornide Saavedra, naturalista especializado en temas pesqueiros, que toma posición a prol dos *patrianos* e advirte dos prexuízos causados polas prácticas dos estranxeiros, en distintas obras; destacamos a súa *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia* (1774), informe escrito co gallo de lle encargaren a representación de Santiago no contencioso contra a arte da xávega catalá. A súa denuncia non só se dirixe ás características aniquiladoras da xávega senón á actitude e carácter destes empresarios, que se fan extensibles a todos os cataláns:

2. A afluencia foi moi numerosa. Meijide Pardo (1969), estudoso de Galicia no tempo da Ilustración que dedicou varios traballos á presenza dos fomentadores cataláns na segunda metade do séc. XVIII, cifraa nunhas 15.000 persoas, entre mercadores e industriais. Nun primeiro momento, os cataláns establecen relacións típicas do emigrante temporal: veñen, traballan, recollen e embarcan de volta á súa terra. Cando veñen para Galicia traen os barcos cargados de produtos para a venda, sobre todo viños e augardentes; cando voltan para Cataluña, levan os produtos elaborados, sobre todo peixe en salga prensado. Máis tarde pasan a establecerse en Galicia coas súas familias, o que explica a relativa abundancia de apelidos cataláns en toda a orla marítima galega (Boullón, 2007).

Quién creería que á vista de tales precauciones [as contempladas nas Ordenanzas reais] hubiese vasallos capaces de eludirlas, y aun de oponerse á ellas? Solo pudiera imaginarlo quien no conociese el caracter de los Catalanes, que osados, y codiciosos, suelen, despreciando los medios, dirigir sus miras á solo su interés. (Cornide, 1774: 34).

Con non menor contundencia se expresa Fr. Martín Sarmiento, en diversas ocasións; vallan como mostra estes dous exemplos:

los catalanes van a Galicia a apurar la semilla de las sardinas con sus avarientos aparejos. ¡Oh valor de la Marina! He oído hace tiempo a Monseñor Figueroa que, habiendo llamado a Roma catalanes para que allí pescasen, fue preciso expelerlos a coces y con mil diablos porque ya llevaban arrasada toda la pesca. Así se arrasó casi la de los atunes, por haberse metido en ella genoveses, mallorquines y catalanes. (carta ao seu irmán, 1758; Filgueira / Fortes, 1995: 121);

Y mas ahora que [os mariñeiros galegos] están padeciendo las tyranías de los que inundaron á Galicia, para arrasar las semillas de la pesca, sin que haya quien los refrene; y lo peor es, algunos Gallegos espurios se han puesto de parte de los tyranos. (carta a G. Hinojosa, 1770; Cornide, 1997: 139-140).

Cómpre ter en conta o contexto histórico dos feitos. Desde o século XII a beiramar galega experimentara un forte pulo, co florecemento das vilas mariñeiras e un gran desenvolvemento económico do sector, que ten o seu cume no século XVI (portos, estaleiros, industrias de conservación e transformación, comercio e exportación, expedicións marítimas...). Por distintas circunstancias históricas o declive principiara xa no século XVII, de modo que as agresivas prácticas dos cataláns viñeron a agravar a crise e a acelerar a destrución deste puxante sector produtivo galego. Aínda ecoa hoxe nas vilas mariñeiras o rexeitamento dos abusos cometidos polos fomentadores cataláns; os observadores modernos, que se achegan aos feitos desde o campo da historia económica con distintas perspectivas e distintas posicións verbo da contribución catalá, mesmo considerando os seus aspectos positivos, coinciden en condenar o sistema de explotación de tipo colonial. Non sorprende, por tanto, que os primeiros textos escritos en lingua galega no século XIX mostren unha visión pouco amable e simpática dos cataláns: patróns implacables, explotadores, cobizosos, usureiros.

A través dos escritos en lingua galega a percepción muda axiña, porque o xentilicio *catalán* pasa a ser usado, sobre todo, no marco dos contactos entre as elites culturais nas distintas fases do provincialismo/rexionalismo/nacionalismo —cun recoñecemento explícito de que os cataláns van como punta de lanza abrindo un camiño que, grazas a eles, outros con menos forzas poden percorrer—, e dos intercambios literarios que se irán intensificando durante o século XIX. Cando Xoán Manuel Pintos fai o seu «Recramo» (1859), convocando os galegos de todos os puntos cardinais, pídelles: «Trahede os vosos cantores / tamén collidos das mans, / e veñan tamén con vosco / os alegres cataláns». Para os intelectuais galeguistas, o catalán é un pobo lexitimamente orgulloso da súa lingua e a súa cultura (como lles gustaría que fosen todos os galegos), que defende e reivindica o seu con entusiasmo e eficacia. Así pois, os cataláns aparecen nos seus escritos adornados con características que se entenden como meliorativas: a «bravura catalana», «nervo da raza», o «robusto tronco catalán», a «dignidade catalana», «do xenio e da tenacidade catalá», unha

«superioridade colectiva que os honra», «a vida puxante da varuda e forte nazionalidade catalana» e así por diante; incluso os cataláns establecidos nas rías —antes empresarios implacables e explotadores— pasaron a ser contemplados como unha forza emprendedora que contribuíu a modernizar industrialmente o país. As referencias á guía política dos cataláns son temperás e fanse frecuentísimas, e acabarán callando en colaboracións, accións programadas conxuntamente e noticias mutuas, sobre todo entre as *Irmandades* e a *Lliga*, a comezos do século xx (Beramendi, 2012); cómpre ter presente que a mellor sintonía do galeguismo co nacionalismo catalán, fronte a outros modelos, débese a que comparten unha matriz ideolóxica progresista. A relación é asimétrica, pois os galegos, malia conservaren a súa autonomía de pensamento, colócanse no ronsel dos cataláns; abonde coa declaración no voceiro *A Nosa Terra* de que «só hai un rexionalismo que nos poida servir de exemplo: o catalán». Sería interesante afondar nesta liña e comprobar que correspondencia ten a figura do galego entre a intelectualidade catalanista, que imaxe construíron, se é que construíron algunha, dos correligionarios galegos que os acollían tan entusiastamente e do pobo galego no seu conxunto.

Mais o propósito que nos moveu a redactar esta nota non era analizar a presenza de *catalán* nos textos galegos cos seus significados obvios, referido ao pobo de Cataluña ou á lingua románica dos países cataláns; pretendiamos mostrar outras presenzas de *catalán/catalá* (ou *catalana*) no corpus léxico galego e no uso, como substantivo, adxectivo ou parte de locucións léxicas. Esoutros testemuños axudan tamén a percibir o perfil que traza o pobo galego dos cataláns.

Para un galego o sintagma «viño catalán» é certamente anfibalóxico, pero seguro que o primeiro significado que lle vén ao acordo á inmensa maioría non é o de ‘viño producido nalgunha das denominacións de orixe de Cataluña’. Grazas a *google*, lemos nun artigo de opinión: «A verdade é que unha das cousas que me fai simpáticos os cataláns é que leven o xentilicio ou enónimo do noso viño máis modesto e honrado: o catalán» (Xosé Manuel G. Trigo, *El Correo Gallego* 23/11/2012). A uva *catalá* é unha vide híbrida moi resistente que dá un tipo de viño chamado *catalán*, acedo e de baixa graduación; hai *catalán branco* e *catalán tinto*, pero nalgunhas áreas —coma nas proximidades de Santiago e na Ulla— está moi difundida unha variedade de cor rosada moi característica. Esta cepa introduciuse como solución contra a praga de filoxera que, procedente de América, se difundiu por Europa occidental entre fins do século xix e principios do século xx, causando graves estragos nas distintas rexións vitivinícolas; desde mediados do século pasado está prohibida a plantación de novas cepas e incluso se fomenta o arrincado, para seren substituídas por outras variedades cultivadas, de preferencia autóctonas. O *catalán*, só apto para os estómagos máis resistentes, non é un bo viño, e non obstante ten, entre persoas de gustos cultivados, adeptos que o saúdan e celebran, por unha querenza que cando menos merece un estudo antropolóxico. Está prohibido comercializalo en botella e con marca, mais séguese facendo para consumo doméstico ou para servir nas tabernas, case sempre directamente dos bocois; a persistencia en Galicia disque se debe a que a uva é tamén moi resistente á humidade dos nosos campos. Desde logo non parece que se chame *catalán* nin pola súa calidade nin pola súa orixe xeográfica;<sup>3</sup> cremos máis ben que se aso-

### 3. Queda lonxe o tempo en que os negociantes cataláns embarcaban como frete viño de baixa cali-

cia con que a solución de substitución de cepas autóctonas por estes híbridos americanos se comezou a aplicar primeiro en Cataluña, a onde a praga da filoxera chegara desde Francia varios anos antes de que penetrase en Galicia procedente de Portugal. No seu día a plantación destes híbridos supuxo a modernidade e o progreso fronte á temida praga; a súa resistencia foi tamén garantía dunha produción rendible para consumo familiar e venda de excedentes.

Para un albanel, a *catalana* é unha ferramenta, ou dúas. Polo xeral, a *catalana* (ou *paleta catalana*) é un tipo de paleta que ten o hastil do mango dobrado ou curvado; esta forma supón un avance ergonómico sobre as paletas anteriores, pois ofrece unha maior comodidade de manexo ao evitar mellor os golpes nos dedos das mans. Mais a *catalana* pode ser igualmente a ferramenta metálica usada polo albanel para estender o recebo ou a masa, que tamén supón un avance técnico sobre o vello esparavel de madeira. Ignoramos cal é a motivación, mais salientamos que en ambos os casos se trata de innovación técnica sobre obxectos similares precedentes.

Nos portos do norte de Galicia a *salsa catalana* é un tipo de escabeche feito a base de aceite, vinagre, loureiro e pementón, que seguramente recoñecerán os que probaron o mexillón galego en conserva. Observamos que, con lixeiras variantes nos condimentos, tamén existen conservas “en salsa catalana” noutros lugares do Cantábrico, polo que non estamos en condicións de afirmar se o uso procede directamente de innovacións introducidas polos cataláns na industria conserveira galega ou se houbo outra mediación foránea.

Nalgunhas partes de Galicia, unha *catalana* é un tipo de recipiente de arxila para uso doméstico. Para uns é unha especie de pucheiro, tamén chamado *catalanilla*, cun diminutivo en *-illo/-illa* que delata a procedencia allea, se ben non o vemos documentado en repertorios léxicos doutros lugares; para outros, e con maior frecuencia, é unha cunca de barro usada para beber viño, leite ou caldo. O trazo común é que están feitos de arxila vermella vidrada, cun material e feitura distintos aos do barro do país. Vendíanse polas feiras. ¿Procedían de Cataluña?, ¿foron introducidos e comercializados polos cataláns, que puideron traelos como frete na viaxe cara a Galicia?, ¿é simplemente un uso de *catalán* como ‘non autóctono, alleo’ por antonomasia?<sup>4</sup>

Finalmente, encontramos a forma *á catalana* (variante popular da normativa *á catalá*) en distintos sintagmas, algúns xa lexicalizados como palabras complexas. Naturalmente, en todos eles significa ‘á moda catalá, ao estilo (real ou suposto) dos cataláns’; pero, ¿cal é a imaxe que subxace?, ¿que caste de modo ou moda catalá se imita?, ¿eses estilos e costumes, eses trazos característicos, son tomados positiva ou negativamente? Vexamos os seus usos e contextos:

a) *Beber á catalana*, por toda Galicia, é beber desde o alto, como por porrón. O primeiro testemuño escrito que atopamos é de 1876 e vai acompañado da explicación da

---

dade, que logo se vendía para o consumo masivo en Galicia. Na nosa opinión son viños e motivacións diferentes.

4. Hai contextos en que se podería entender *catalán* deste xeito. Valla como mostra este treito dun parrafeo do ourensán *O Tío Marcos da Portela* (1884): «e porque sei con que bois aro d’antigo, pra que de min non se bulren *nin catalás nin veciños*, quero facer o viaxe en besta» [itálicas nosas]. ¿Alude á ‘catalanidade’ do tren, por contraposición ao de viaxar en besta (*vid. infra*), ou quere dicir, simplemente, ‘allicos e propios’?

motivación, non exenta de retranca («Dende hoxe ten que beberse en Galicia á usanza catalana. Puxeron na Praza unha fonte de viño, pero tan enriba, que fora necesario pra beber, ter unhas tragadeiras daquela caste»; advírtase aínda a crítica á voracidade dos cataláns); as necesarias explicacións mostran que en Galicia non había costume de beber dese xeito, poñéndose «polo estilo do Papamoscas de Burgos coa boca aberta car'ó ceo». Nos primeiros tempos *beber á catalana* non parece ser só un modo de beber desde o alto, pois tamén hai alusións á falta de compostura e á gran cantidade de viño inxerido (poida que isto teña que ver coa cualificación de “os alegres cataláns”!). Hoxe a expresión está exenta de connotacións pexorativas.

b) Na gastronomía atopamos as *xudías á catalana*, mencionadas nunha serie de pratos que se presenta como un menú exquisito: «como cando me peta ovos pasados por prato e melruza á baioneta, xudías á catalana, e vitela ó papellote» (1884). As nosas pescudas sobre as características de tal prato foron inútiles, pois non se atopa recollido nos dicionarios nin nos repertorios de cociña galega. A denominación máis próxima, esp. “judías a la catalana”, non é usual hoxe entre nós, pois ten o inconveniente de ter como base *fabas* secas; en Galicia as *xudías* son adoito verdes, inclúen a vaíña e a faba tenra, polo que non sería aceptable que un cliente pedise “xudías” e lle servisen “fabas” (sexan feitas á catalá ou á asturiana). Con todo, como na altura os restaurantes de postín terían non só unha carta en español senón pratos alleos, tanto na composición coma na denominación, nada nos estrañaría que se tratase da mesma receita; a inadecuación aos usos e costumes galegos, consoantes coa lingua do país, explicarían que o nome non prosperase.

c) *Viaxar á catalana* é unha expresión estraña para o falante moderno. Atopámola ben documentada na segunda metade do século XIX, mais probablemente fose circunstancial e de vida efémera. O primeiro testemuño fai parte do título «VIAXAR Á CATALANA. Pensamentosalcontrados na monteira dun labrego» (1884), reflexións co gallo dunha viaxe pola liña férrea Ourense-Vigo, inaugurada en 1881. Nos mesmos lugares atopamos a explicación e, asemade, a motivación; en última instancia, a pesar da retranca, vincúlase coa idea de modernidade e progreso: «Camiñar en burro é viaxar á gallega; meterse nun wagón ás once da mañá no vrau cando escomenza a raxeira do sol, é viaxar á catalana»; «Viaxar como agora viaxamos pola terriña, ninguén me tira da cabeza que é viaxar á catalana, e viaxar en quente sin espoñerse a coller carraspeiras nin outros achaques». O treito Ourense-Vigo, parte da liña de ferrocarril que algún día debería unir Madrid con Vigo, era unha aspiración que tivera desacougada a sociedade ourensá desde 1860 e pasara por dúas décadas de idas e voltas, de esperanzas e desesperanzas; a percepción final é que a chegada do tren se debe á intervención dos cataláns, do capital catalán («polo que saco en limpo qu' o tren que nos trouxeron os catalás, é unha cociña económica con perendgues e polo sistema da que usan no inferno pra lle preparar a pitanza ó demo»; 1884, advírtase o recoñecemento baixo a ironía). Claro que, recuperando as vellas xenreiras, tamén se acusa aos cataláns dos problemas do servizo; así se expresa outra voz no xornal pontevedrés *O Galiciano*, ante a falta de vagóns para garantir a comodidade de todos os pasaxeiros: «Pois sabede, compañeiros, e non esquencé-lo, qu' a compañía catalana, está faguendo de nosoutros un cagastal, perdoando a palabra, que non atopo outra que millor espresese a idea» (1886). Con todo, anos máis tarde, con ocasión da convocatoria dunha asemblea en Medina del Campo, para reclamar que se completase a conexión ferroviaria

directa entre Barcelona e Vigo, *A Nosa Terra* recoñecía a contribución catalá ao progreso con estas palabras: «N'hai que esquecer que os cartos catalás fono os que máis axudaron en España a faguer liñas de ferro. E iso xa é unha garantía de suceso» (1917).

d) Atopamos aínda á *catalá* como expresión dun modo de actuar que é asisado ou, cando menos, eficaz: entre as virtudes que adornan unha boa persoa dedicada á cousa pública está a de ser «Político á catalana que deixa autuar á catalana porque na súa patria inda non eisiste a cibdadanía. Político que estudia e alumea os probremas gallegos con pacencia benedictina e con crarividencia xenial» (1917); con pragmatismo e firmeza, aínda que iso violente a natural tendencia dos galegos a contemporizar, «A política e de *do ut des*; política á catalana, xustiza á catalana. Lei do Talión. Si se nos serve, apraudir con sordina, friamente. Si non se nos serve protestar con berros e autos estentóreos» (1916); e, por suposto, a alusión ao *seny*, «Impoñase este bo sentido —sentido á catalana— e xa veremos. O de máis é camiñar polas ponlas» (1916).

En suma, a presenza de *catalán/catalá* como formante do léxico galego ten que ver tanto coa orixe catalá de produtos, recursos, solucións, programas..., coma con que, na sociedade nacida a partir da revolución industrial, os galegos asociaron *catalán* con 'innovación, modernidade, eficacia'. O termo trae consigo connotacións positivas que fan esquecer a negativa imaxe que labraran os seus devanceiros a custo do sufrimento dos galegos de outrora.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BERAMENDI, Justo (2012): «Relaciones entre galleguismo y catalanismo (1840-1918)», en Josep M. DOMINGO: *Joc literari i estratègies de representació. 150 anys dels jocs florals de Barcelona*. Barcelona: Societat Catalana de Llengua i Literatura, 17-43.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2007): «Sobre a presenza dos apelidos cataláns en Galicia», en Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ / María Xesús LAMA LÓPEZ (eds.): *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da península. Barcelona, 28 ó 31 de maio de 2003*. Sada: Edición do Castro / AIEG, 721-736 [<http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2944812>].
- CORNIDE DE SAAVEDRA, José (1997 [1774]): *Memoria sobre la pesca de sardina. [Facsímile]*. Edición e estudio de Francisco Calo Lourido. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- DdD = SANTAMARINA, Antón (coord.): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé / FORTES ALÉN, M<sup>a</sup> Xesús (eds.) (1995): *Fr. Martín Sarmiento. Epistolario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1968): «Contribución de los catalanes al desarrollo de la industria pesquera de Vigo (1780-1815)», en *Aportación española al 21º Congrès International de Géographie, Inde*. Madrid: Instituto de Geografía Aplicada, 287-298.

*TILG* = SANTAMARINA, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/TILG/>].

*TLDGP* = ÁLVAREZ, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/Tesouro/>].

TRIGO, Xosé Manuel G. (2012): «Abillando en Abelleira», *El Correo Gallego*, 23/11/2012 [<http://www.elcorreogallego.es/opinion/ecg/abillando-abelleira/idEdicion-2012-11-23/idNoticia-777829/>].